


TALENT LAB
LUGO | DESCUBRE
POTENCIA
COMPARTE

**Incluíndonos na ecuación do cambio III.
Descubre, potencia e comparte.**

**INCLUÍNDONOS
NA ECUACIÓN DO
CAMBIO.
EMPRENDER PARA
A EDUCACIÓN DO
FUTURO III**



TalentLab Lugo é unha iniciativa que xurde no marco da formación do profesorado “Incluindonos na ecuación do cambio. Emprender cara a educación do futuro III” do Centro de Formación e Recursos do Profesorado de Lugo. TalentLab Lugo pretende crear unha plataforma para a colaboración, a expresión e a interactividade; un espazo onde alumnado e profesorado descubra, potencie e comparta o seu talento.

Os retos do século XXI aos que nos enfrentamos; desafíos tecnolóxicos, de cambio climático, movementos migratorios, desigualdade social, globalidade... son os maiores retos da historia da humanidade, da súa exitosa resolución dependerá a viabilidade da existencia humana. Por iso, é de vital importancia desenvolver o talento na sociedade.

A educación, ao igual que a comunidade da que depende, vive un momento complexo. A UNESCO, a Unión Europea e a lexislación española, fan un chamamento ás escolas para abordar o necesario cambio educativo que permita adquirir as competencias clave que servirán de cimento para a aprendizaxe ao longo da vida. Para acadar unha educación de calidade, inclusiva e equitativa, debemos emprender cambios profundos nos modelos de ensinanza-aprendizaxe, na cultura escolar, na colaboración entre docentes e nas prácticas e métodos de traballo.

A educación e a aprendizaxe son os principais motores e ferramentas para crear comunidades sostibles, dinámicas e habitables. O que queramos ver na nosa sociedade debe estar presente na escola e debe ser apoiado e promovido por todos os axentes da comunidade.

Desenvolver o talento e a comprensión son aspectos fundamentais para o pleno desenvolvemento dunha persoa. Dende a escola podemos potenciar a creatividade, o pensamento crítico, a perseveranza, a resiliencia, a educación emocional... para educar individuos que poidan participar na resolución efectiva de problemas, participando simultaneamente na vida cívica local, nacional e global.

O futuro e o presente son incertos e temos o reto de crear cidadáns que poidan contribuír á construción dunha sociedade mellor.

Qué é o talento?

©Sonia González Varela

Modelo dos tres aneis

Joseph Renzulli

Renzulli considera que o potencial humano baséase en tres grandes rasgos:


- Capacidade intelectual.
- Compromiso ou implicación na tarefa.
- Creatividade.

A interacción destes tres factores, baixo as condicións adecuadas, produce o comportamento talentoso (en inglés *gifted*, “regalado”).

É importante ter en conta que estas variables non son absolutas nin estables, poden cambiar no tempo e, para que se manifesten, necesitan un contexto favorable. Durante toda a vida, se as circunstancias o propician, pódense desenvolver distintos tipos e graos de comportamentos talentosos.



O noso papel como docentes é actuar sobre o contexto e as variables para que o talento alcance o seu máximo potencial, e salve a diferenza entre o que é, e o que pode chegar a ser.



Cómo podemos promover o talento na escola?


©Sonia González Varela

Modelo de Enriquecemento Escolar, SEM

Joseph Renzulli

Dende a escola podemos crear condicións educativas favorables que estimulen a interacción das tres variables do talento. Renzulli propón o modelo SEM como modelo organizativo e pedagóxico, e identifica tres tipos de actividades de enriquecemento:

- Actividades Tipo I: de exploración e exposición dos estudantes a diferentes experiencias.
- Actividades Tipo II: actividades de aprendizaxe que desenvolven destrezas, procesos cognitivos e afectivos.
- Actividades Tipo III: actividades reais dirixidas a ter un impacto nunha audiencia máis alá do grupo clase.



TALENT LAB
LUGO | DESCUBRE
POTENCIA
COMPARTE

A nosa feira educativa, TalentLab Lugo, é principalmente unha actividade tipo III, nela o noso alumnado poderá dar a coñecer o seu traballo nun contexto novo, aplicando de forma flexible todas as competencias adquiridas e levándoas ao seu máximo nivel.

Este evento tamén é unha actividade tipo I, xa que os estudantes coñecerán e explorarán novos proxectos e ideas; e unha actividade tipo II, poderán participar en actividades interactivas que desenvolverán as súas habilidades e destrezas.

Como podemos promover a pensamento e a comprensión profunda?

TALENT LAB
LUGO | DESCUBRE
POTENCIA
COMPARTE

TalentLab Lugo é unha oportunidade para que alumnado e profesorado apliquen de forma flexible todas as habilidades e competencias adquiridas e as leven ao seu máximo nivel. Desenvolveremos a metacognición, extenderemos o noso pensamento e adquiriremos novas estratexias que permitan usar os coñecementos e habilidades que xa temos.

Fai visible os procesos e pensamentos que están correndo.

Notei que...

Realmente a túa idea está baseada en evidencias.

Fálame do que estas facendo.

Este é o pensamento que necesitas facer...

Observa / Describe / Explica / Interpreta / Razona / Conecta / Considera diferentes tipos de perspectivas / Conclúe / Valora / Captura a esencia / Escoita activamente...

Utiliza unha linguaxe de pensamento

En vez de usar comentarios xenéricos do tipo “bo traballo”, “brillante”, “ben feito”, intenta que o teu feedback este orientado aos procesos e a acción

Fixeches unha nova conexión

Encontraches un punto de vista moi interesante

Vexo que observaches en profundidade.

Visibiliza o pensamento

Extende o pensamento

Extende o pensamento promovendo a creatividade, o pensamento diverxente e a creación de novas ideas.

Que novas ideas atopaches que extenden o teu pensamento en novas direccións?

De que xeito sería diferente se...?

Fai preguntas abertas que promovan a comprensión

Que é o que che fai dicir eso?

Ti que cres?

Que pensas sobre...?

Que consecuencias tería...?

Como...?

Que pasaría se...?

Promove a metacognición

Facilita a reflexión sobre o propio aprendizaxe, os seus procesos e o pensamento.

Fálame do que estas facendo.

Resumamos.

Que ideas conectan co que xá sabías?

Que dudas te xurden?

De que xeito o que aprendiches te resultará útil?

Facilita a cooperación e a inclusión

Axuda a que todos participen activamente e propón estratexias de cooperación.

Por que non chegamos a un acordo?

Por que non lle axudas?

Quen cres que pode necesitar axuda?

Utiliza unha linguaxe inclusiva xeneradora de comunidade, utilizando expresións do tipo:

Nós estamos aprendendo...


As nosas dúbidas son...

©Sonia González Varela

Buscas inspiración?



imageneseducativas.com



Young minds will take centre stage at the West Kootenay & Boundary Regional Science Fair which takes place on Saturday, April 14 at Selkirk College's Castlegar Campus.



ARTE



squareheadteachers.files.wordpress...




Artículo de
Journal Star



Leerlo

Buscas inspiración?



Guardado por
Fiestas Infantiles



Visitar




Scrabble Wall



BuzzFeed
3mill. seguidores



DESMONTA ESTEREOTIPOS,
EMPODERA,
MOTIVA E ENGANCHÁ!



TALENT LAB | DESCUBRE
LUGO | POTENCIA
COMPARTE